

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA  
30 DE XUÑO DE 2014. NÚM. 8/2014.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

**CONCELLEIROS:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).  
D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO (P.P.).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).  
D<sup>a</sup>. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).  
D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).  
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).  
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).  
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).  
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).  
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA XERAL:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **INDICE:**

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, Nº 7/2014 de 26 de maio.....	páx. 3
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de modificación de créditos Nº 7-P/2014 de crédito extraordinario.....	páx. 8
4.- Recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 10/2014.....	páx. 10
5.- Expediente de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais e do Regulamento de utilización das instalacións deportivas do Concello de Lalín.....	páx. 12
6.- Expediente da Conta Xeral do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín do ano 2013.....	páx. 15
7.- Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e Viravolta Títeres S.L. para a implantación e funcionamento do Museo Galego da Marioneta.....	páx. 16
8.- Convenio marco de colaboración para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.....	páx. 17
9.- Adhesión á subsección de municipios con festas de interese turístico da FEGAMP....	páx. 19
10.- Expediente para aprobación do Regulamento de creación do ficheiro de datos de carácter persoal “Mundo Lalín”.....	páx. 20
11.- Moción do PGD.....	páx. 23
11.1.- Moción do PDG en relación á Lei de Dependencia.....	páx. 23
12.- Rogos e preguntas.....	páx. 25

=====

Sendo as dez horas do **día 30 de xuño de 2014**, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *Dª. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR , Nº 7/2014 DO 26 DE MAIO.-**

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 7/2014 da sesión ordinaria celebrada o día 26 maio de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta Nº 7/2014 correspondente á sesión ordinaria do día 26 de maio de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

### **3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 7-P/2014 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 20 de xuño de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 26 de xuño de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, ***D. Manuel Gómez Estévez***, explicou o contido do mesmo. Sinalou que se trataba de aportar 43.378,49 € para o museo das marionetas, e financiado con cargo ás baixas das partidas que podían aportar, todo dentro do Pazo de Liñares, e dotalo duns servizos mínimos para funcionar.

Polo grupo socialista, ***D. Manuel María González Aller*** adiantou que o seu grupo sempre estivo a prol de promover estas iniciativas, proba dilo foron as xestións xa con grupo Viravolta. Agora con esta iniciativa volvería funcionar e coidaba que sería axeitada.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén apoiaría a proposta de converter o Pazo de Liñares no museo do marioneta, e pesar de que antes xa se debeu consignar algo nos orzamentos para este ano.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** tamén vía unha iniciativa interesante e estaba a favor.

O Sr. Alcalde **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que a dotación que se presentaba era para adquirir mobles e iniciar as actividades, comprando unhas estanterías específicas e logo pouco a pouco se iría dotando de máis contido, outros títeres, libros, etc.. Estaba convencido de que esta aportación non era suficiente, pero si necesaria para arrancar.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **APROBOUSE o expediente, segundo a proposta da Alcaldía de data 20 de xuño de 2014, do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 7-P/2014, a financiar mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a posta en marcha do Pazo Liñares, isto é, o proxecto para dotar de contido o antigo Pazo de Liñares, que foi rehabilitado coas aportacións realizadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, fondos propios do Concello e polo Ministerio de Fomento. Tendo en conta que toda inversión debe ter unha viabilidade económico-financeira, e que dende o principio se pensou en que o pazo fose un equipamento socio-cultural. Así, o 30 de outubro de 2012 enviouse unha memoria ao Ministerio de Fomento xustificativa da viabilidade da inversión na que se establecía a previsión de instalación dun centro de restauración arqueolóxica ademais da necesidade de tres persoas para o funcionamento das instalacións,

Pois ben, a partir deste esbozo, dende o Concello estívoase a traballar para concretar as actividades necesarias para darlle vida ó Pazo. Con ese fin asinouse un convenio coa Deputación de Pontevedra (pleno do 1 de agosto de 2013) no que se establecía como obxecto a cesión por parte do Concello á Deputación dunhas dependencias do Pazo (senaladas no plano adxunto o convenio) para o desenvolvemento do centro de xestión do coñecemento arqueolóxico.

Unha vez cerrado este acordo iniciouse outra liña de traballo con fin de atopar outro contido complementario co anterior, e hoxe en día está a punto de asinarse un novo convenio esta vez con Viravolta para a cesión doutro espazo en Liñares para a ubicación do Museo Galego de Marioneta. Así, dotaremos crédito para a adquisición do mobiliario preciso para a ubicación do citado museo. Unido ao anterior, e tendo en conta que Liñares é un contedor moi amplo no que de momento temos dous contidos aparentemente dispares pero que realmente están vinculados coa arte e coa nosa cultura, faise preciso dotar crédito co fin de realizar a actividade precisa para dotar as actividades previstas para Liñares de cohesión.

Sendo urxentes estas dotacións co fin de dar cumprimento ao requirimento do Ministerio de Fomento de que a inversión goce de utilidade e de viabilidade económica-financeira, cousa que se vai lograr dotando de novos contidos e de cohesión nos mesmos, e á vista da documentación que consta no expediente, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 7-P/2014, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutras partidas non comprometidas, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
334.226.09	Promoción Cultural Actividades Culturais e Deportivas	21.779,99
334.625.08	Promoción Cultural Mobiliario Pazo Liñares	21.598,50
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		43.378,49 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
920.120.00	Administración Xeral Salario Básico Funcionarios grupo A1	7.200,00
920.120.01	Administración Xeral Salario Básico Funcionarios grupo A2	6.400,00
920.120.03	Administración Xeral Salario Básico Funcionarios grupo C1	4.700,00
920.121.00	Administración Xeral Complemento de Destino	7.578,49
920.121.01	Administración Xeral Complemento Específico	17.500,00
TOTAL BAIXAS		43.378,49 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

#### **4.-.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 10/2014.**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Facenda de data 19 de xuño de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 26 de xuño de 2014.

Na exposición do expediente, o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou o contido do mesmo. Era un tema clásico que Unión Fenosa presentaba as facturas tarde. Non sabía se serían as últimas; o certo era que agora ascendían a 6.810,49 € as que se presentaban.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** non estaba de acordo. En cada sesión plenaria traíanse facturas de Unión Fenosa con este mesmo problema. Era algo que non se entendía. Logo sucedía que por elo os orzamentos non eran os correctos e non estaban ben calculados. Votarían non.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou que se absterían, porque non entendían a mecánica de presentación destas facturas.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** indicou que xa era coñecida a súa posición a este tipo de expedientes. Absteríase.

Falou o **Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias**, indicando que diante de destas facturas presentadas fora de tempo, o Concello debía aprobalas e pagalas. Isto non era culpa do Concello, pero tiña que asumilas. Lembrou que se reclamaron varias veces facturas non presentadas e tardaron tempo en vir ao Concello. Non obstante, unha vez presentadas, se se correspondían con servizos prestados, había que pagalas, porque formalmente a normativa era así. Polo tanto dixo non entender a posición da oposición, especialmente a do grupo socialista.

A Sra. Interventora **D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo** confirmou que efectivamente había que pagalas, se eran correctas; de non ser así, habería un enriquecemento inxusto polo Concello. E se non se facía o pago durante os trinta días seguintes, habería que abonar os intereses previstos

De novo **D. Manuel María González Aller** volveu insistir en que non entendía o que sucedía con este modo de funcionar, porque a maiores pasaba que o grupo de goberno afirmaba que se aforraba con campañas e con actuacións municipais de investimentos, algo que resultaba increíble, xa que, se non se coñecían as facturas de enerxía eléctrica, que tipo de cálculos se podían facer.

De novo **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que con estas facturas presentadas fora de tempo o primeiro prexudicado era o goberno, porque estes cartos que agora ían destinados a pagar estas facturas podía destinalos a outros fins.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) do PP.*

*Votos en contra: catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE.*

*Abstencións: tres (3), sendo dúas (2) dos concelleiros do BNG e unha (1) do concelleiro do PGD.*

Xa que logo **APROBOUSE o expediente segundo a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda de data 19 de xuño de 2014 do seguinte tenor:**

A fin de poder atender gastos realizados durante o exercicio 2013, **o Pleno da Corporación ACORDOU APROBAR** o recoñecemento extraxudicial de créditos nº 10/2014 e aprobación do gasto por importe total de **6.810,49 euros**, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias, segundo a relación individualizada das facturas que se detallan no expediente como ANEXO I, de acordo co artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e a Base 15 das Bases de Execución do Presuposto para o exercicio de 2014. Ambos establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria.

Trátase de facturas correspondentes a gastos realizados durante o ano 2013 que non foi posible aprobar con cargo ó correspondente exercicio, por non ter sido presentadas no seu momento para a súa imputación ó presuposto dos exercicios correspondentes.

#### **5.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E DO REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da memoria-proposta da Alcaldía de data 19 de xuño de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 26 de xuño de 2014.

O Concelleiro Delegado de Deportes e Xuventude **D. José Antonio Varela Quintela** explicou os cambios que se propuñan na ordenanza.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo non estar en contra dos cambios propostos para o uso do Lalín Arena, pero si estaba en contra do cambio de xestión e do financiamento que se fixo para esta instalación.

Botaba en falta que non se desligase a utilización da piscina do uso do Lalín Arena, porque se daba o caso de que había persoas que querían usar unicamente a piscina municipal e non querían pagar polo uso do Lalín Arena. Isto era algo que se reclamaba na rúa e ao que non se daba resposta desde o goberno.

Finalmente indicou que tampouco lle cadraban os datos sobre o número de usuarios, xa que o goberno municipal falaba de mil e pico usuarios, pero logo nas liquidacións mensuais se falaba de novecentos e pico.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou que apoiarían a iniciativa de regular as tarifas, porque supuña beneficios para os usuarios, aínda que eles estiveron en contra na operación de rescate do Lalín Arena.

Coidaba que esta operación se encamiñaba á captación de usuarios que se estimaban para ser rendible entre mil cincocentos e mil setecentos.

Rematou apoiando as verbas do anterior voceiro, no sentido de que era sentir da xente da rúa que había que separar o uso da piscina municipal do uso do Lalín Arena, e nesa dirección había que moverse. Por todo o anterior, se absterían.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** tamén vía viables e beneficiosos os cambios na ordenanza, se ben tamén pediu a o goberno municipal que tivese sensibilidade e abordase as

demandas dos usuarios de separar o uso da piscina do Lalín Arena.

O edil delegado de deportes, **D. José Antonio Varela Quintela** criticou a postura da oposición porque estaban a favor e ao mesmo tempo en contra da instalación do Lalín Arena, e por sistema. O certo era que esta instalación era un modelo, que a utilizaban diariamente máis de catrocentas vinte persoas e que ao mes representaban máis de doce mil. O número de abonados estaba en mil cen aproximadamente, porque subía e baixaba constantemente, pero cada vez ían a máis.

O Sr. Alcalde **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que a instalación do Lalín Arena era o buque insignia de Lalín. Á hora de decidir se estaba ben feito este investimento ou non, o pobo cada catro anos decidía nomeando o seu goberno.

Lalín era unha cada poucas vilas galegas que contaba cunhas instalacións desta clase, lembrando que había algunha das sete cidades galegas máis importantes que carecían dunha instalación coma esta.

Lembrou que había poucos días acudiu a recoller un premio outorgado pola Federación Española de Balonmán en Ciudad Real, un galardón concedido ao Concello de Lalín por contar cunha instalación desta categoría en Lalín.

Esta instalación era unha das mellores que había en España, e servía a familias e ás persoas. A *ratio* era que se conseguisen mil cincocentos abonados, que agora non había. Aínda así hoxe os problemas eran as familias monoparentais e a crise económica. O que se buscaba desde o Concello era dar o mellor servizo posible.

De novo **D. Manuel María González Aller** dixo non entender a política do goberno porque agora parece que esperaban instalar o gas para a auga quente e calefacción na piscina municipal, cando resulta que xa ían pola cuarta caldeira na piscina municipal.

**O Sr. Alcalde** afirmou que o Lalín Arena funcionaba con gas.

Seguiu a falar **D. Manuel María González Aller**. Dixo que o tempo deulles a razón. Esta obra foi desde o comezo un despropósito, porque Lalín non necesitaba esta instalación. Logo veu a concesión e a administración da explotación, que foi un fracaso; pero segundo o goberno municipal foi un éxito. Máis tarde foi un incumprimento pola empresa, e logo o rescate polo Concello.

Ademáis disto, e por se fose pouco, a obra tampouco se fixo correctamente, había e hai aínda hoxe filtracións de auga; polo menos así o dicía o informe do perito municipal.

Sobre as persoas que utilizaban as instalacións, afirmou que entre clubs e deportistas, e contando coas persoas que podían empregar a instalación, nin todo o que se fixo xustificaban a construción do Lalín Arena, que foi un despropósito desde o principio.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** ratificouse no xa dito. Este era un tema vello no que a oposición deixou clara a súa postura. O acordo a adoptar era lícito. Reclamou que o informe da Xerencia viñera en galego, porque constaba en castelán, e pediu que se cumprirse a simboloxía e a normativa vixente no uso do galego.

De novo **D. Camilo Conde López** volveu incidir en que apoiaría a proposta e tamén reclamou de novo que se separase o uso da piscina da utilización do Lalín Arena.

Rematou o **Sr. Alcalde D. Xosé Crespo Iglesias** afirmando que separar o uso de ambas instalacións suporía duplicar gastos, por exemplo os conserxes, a recepción. Indicou que había piscinas individuais que cerraron por inviabilidade económica, citando o caso do Concello de Chantada.



En xeral criticou á oposición, xa que entendía que buscaba que canto peor lle fose ao grupo de goberno, mellor lle iría a eles. O certo era que ata hoxe o funcionamento do Lalín Arena e da piscina era normal, e así seguirían. A postura da oposición era un erro.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* quince (15), sendo catorce (14) dos concelleiros do PP, e un (1) do concelleiro do PGD.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* seis (6), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dúas (2) dos concelleiros do BNG.

Xa que logo **APROBOUSE o expediente, segundo a memoria-proposta da Alcaldía, de data 19 de xuño de 2014, do seguinte tenor:**

O Concello de Lalín, coa finalidade de promover o desenvolvemento da cultura físico-deportiva na poboación de Lalín, fomentando o deporte como factor de calidade de vida, pretende facilitar o acceso á práctica de novas actividades deportivas por medio dunha axeitada promoción deportiva e de acceso ás instalacións deportivas municipais.

Neste momento, transcorridos varios meses dende a implantación do novo modelo de xestión do complexo polideportivo Lalín Arena, é oportuno, de cara á súa posta en práctica no vindeiro mes de setembro, adaptar a Ordenanza reguladora da *Taxa polo uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais* mediante unhas modificacións puntuais que permitan, entre outros aspectos, que os participantes nas escolas deportivas municipais que sexan abonados do Lalín Arena se beneficien dunha bonificación do 70% na tarifa establecida pola impartición das escolas deportivas, que está previsto que se desenvolvan a partir do próximo curso nas instalacións do citado complexo polideportivo.

Preténdese, con esta medida, facilitar o acceso ás escolas deportivas municipais a un maior número de usuarios, utilizando o deporte como factor de integración social, atendendo á demanda de diversidade nas actividades deportivas municipais, en consonancia coa dinámica de incremento no número de usuarios do complexo deportivo Lalín Arena posta de manifesto nos últimos meses.

Neste contexto, coa finalidade de ofrecer alternativas novidosas e pracenteiras, a Concellería de Deportes ten previsto crear novas escolas deportivas nas que se impartan modalidades como Taekwondo, natación sincronizada ou natación terapéutica, mantendo ademais a actual escola de Danza que conta cun importante número de participantes.

Ao mesmo tempo, trátase de rendibilizar ó máximo as instalacións deportivas coas que conta o Concello de Lalín, adaptándonos á nova forma de xestión deportiva local que se rexe por criterios de racionalidade económica, equilibrio financeiro e sostibilidade, contribuíndo coas medidas a implantar á fidelización e incremento nos usuarios das instalacións deportivas.

Así mesmo, propónse contemplar unha nova modalidade de abono concibido para familias monoparentais (anual ou mensual) á que poderán acollerse aqueles núcleos familiares que reúnan as condicións establecidas na nova redacción da ordenanza, ás que se aplicará unha tarifa máis reducida que a establecida para o abono familiar, reforzando así o carácter social desta tarifa.

Por outra banda, propónse axustar o horario establecido para o abono matinal, contemplado inicialmente para a utilización das instalacións de 8 a 14 horas, ampliando o citado horario ata as 15 horas, de luns a venres. Esta modificación obedece á demanda dos usuarios desta modalidade de abono.

Por último, dentro das medidas a adoptar coa modificación da ordenanza reguladora da Taxa polo uso e prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, propónse ampliar os límites establecidos para a posta en marcha dos plans de promoción do complexo deportivo Lalín Arena, permitindo a aplicación dunha redución no abono correspondente á segunda mensuralidade do 100 %, coa finalidade de dotar dunha maior flexibilidade no deseño de campañas promocionais destinadas á captación de abonados e á súa fidelización.

Por outra parte, considérase oportuno modificar o Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais coa finalidade de adaptalo ó funcionamento das instalacións, simplificando a documentación a aportar para adquirir a condición de abonado, para o cal non é necesario achegar fotografías ou a copia da tarxeta sanitaria, contempladas na actual redacción do regulamento.

Neste sentido, perfeccionando os mecanismos de administración e regulación da oferta deportiva e a viabilidade e funcionalidade das instalacións deportivas, contribuirase a unha mellora continua na prestación deste servizo público.

Con base no exposto, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que deben producir os tributos, á equidade e xustiza nos mesmos e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, ordenación, modificación e derogación dos seus propios tributos, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

***-Primeiro.-*** Aprobar inicialmente o expediente de **modificación da Ordenanza reguladora da Taxa polo uso e prestación de servizos nas Instalacións Deportivas Municipais**, así como a **modificación do Regulamento de Utilización das Instalacións Deportivas Municipais**, achegándose á proposta o novo contido dos artigos modificados, en consonancia co expresado nesta memoria.

***-Segundo.-*** Que este expediente, que se aproba provisionalmente, sexa exposto ó público polo prazo de trinta días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio do acordo no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior difusión da provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

***-Terceiro.-*** Este expediente considerárase definitivamente aprobado, de conformidade coa normativa vixente, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

## **6.- EXPEDIENTE DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN DO ANO 2013.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 25 de xuño de 2014.

Polo grupo de goberno **D. Manuel Gómez Estévez** explicou o contido do expediente. Ditaminouse en tempo, expúxose ao público, e agora, sen reclamacións, o expediente tráíase

ao Pleno para a súa aprobación.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo que efectivamente era certo o que se dicía: no ano 2013 houbo déficit xa que se gastou máis do que se ingresou. Pero había que dicir tamén que a débeda do Concello pasou de 3.800.00 euros a máis de nove millóns de euros, é dicir, subiu un 75 % a débeda municipal, cifra que era importante sobre todo tendo en conta que o orzamento municipal eran doce millóns de euros.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** sinalou que obviamente votarían non, por coherencia co rexeitamento dos orzamentos. Había que destacar que eles se opuxeron á xestión do Lalín Arena e ao incremento da débeda que houbo por elo.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** adiantou a súa abstención.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) dos concelleiros do PP.*

*Votos en contra: seis (6), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous (2) dos concelleiros do BNG.*

*Abstencións: unha (1) do concelleiro do PGD.*

Xa que logo **APROBOUSE o expediente, segundo a proposta da Alcaldía, de data 25 de xuño, do seguinte tenor:**

Transcorrido o prazo de exposición ó público da Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ao exercicio económico de 2013 sen que se presentara reclamación, elévase ao Concello Pleno o expediente completo desta, cos ditames e informes preceptivos, dando cumprimento ao disposto nos artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Con base no exposto, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ao exercicio económico de 2013, integrada polos estados e contas anuais da entidade e as do Padroado Cultural de Lalín.

#### **7.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E VIRAVOLTA TÍTERES S.L. PARA A IMPLANTACIÓN E O FUNCIONAMENTO DO MUSEO GALEGO DA MARIONETA.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 26 de xuño de 2014.

Polo grupo de goberno a edil delegada de cultura, **D<sup>a</sup>. María Álvarez Paz**, indicou que tal e como se explicou xa antes, o Concello coidaba que a ubicación do museo da marioneta debía ubicarse no Pazo de Liñares, porque era a máis idónea. Así se falou e se chegou a un acordo co grupo Viravolta. Froito deste entendemento era este convenio que agora se traía

para aprobar.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** salientou que estaban de acordo. Lembrou que o grupo de marionetas Viravolta foi un dos pioneiros en Galicia, levando máis de trinta anos neste eido. Contaba con pezas propias e tamén de colección. Era un acerto facelo de común acordo con eles.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén dixo estar a favor.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** sinalou que votaría afirmativamente.

O Sr. Alcalde **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que o lugar elixido combinaría o museo da marioneta con outras actividades de cultura castrexa, para o que se traballaba co organismo provincial. Neste caso tratábase de iniciar esta actividade, e por iso viña o convenio a súa aprobación polo Pleno.

Rematou **D<sup>a</sup>. María Álvarez Paz** ratificouse no xa dito, destacando que se fixo de común acordo co grupo Viravolta e que o lugar elixido era ideal para dita actividade museística.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

***Pimeiro.-*** Aprobar o ***Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e Viravolta Títeres S.L. para a implantación e funcionamento do Museo Galego da Marioneta (Casa dos Títeres)***, que consta de sete cláusulas.

***Segundo.-*** Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a sinatura do citado Convenio.

## **8.- CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Novas Tecnoloxías, de data 23 de xuño de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 26 de xuño de 2014.

Polo grupo de goberno, o edil delegado de turismo e novas tecnoloxías, **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, explicou o contido do expediente. En principio houbo unha reunión do 11 de marzo de 2013 á que asistiron alcaldes e edís delegados dos vinteseite municipios. Logo noutra reunión posterior elaborouse un documento que xa recollía as intencións e as actuacións que se realizarían. Concretouse a forma xurídica. Froito dilo era este convenio que viña agora a sesión para a súa aprobación. Antes aprobouse o expediente de dotación orzamentaria, para recoller a aportación do Concello. Coidaba que era importante que Lalín estivese dentro desta iniciativa, pola importancia que ten o turismo tanto na zona como en Lalín. Por elo, pediu o apoio da oposición a esta iniciativa.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** salientou que non entendía moito, o que se sabía era que supuña meterse nunha asociación máis. Lembrou que houbo outras iniciativas que non avanzaron nada como era a da asociación Galicia Central, e esta podía ser unha máis. Non se sabía que vantaxes tiña ingresar nesta nova organización, nin se explicaba nada ao respecto. Desde logo os antecedentes que había xogaban en conta. En resume, non estaba nada claro, e por iso absteríanse.

O Sr. Alcalde **D. Xosé Crespo Iglesias** adiantou que el tampouco estaba convencido, nin tiña claro en que gañaría ou perdería Lalín, pero en todo caso prefería estar dentro que fora.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** non vía claro pertencer a esta organización. Aínda que o custo era pequeno, e así se vía no expediente, non pintaba nada o Concello de Lalín nesta organización, porque Lalín e o Deza tiñan un espazo cultural e xeográfico diferente de Santiago. Aquí había tamén a Vía da Prata e o Camiño de Inverno, e había que centrarse máis en potenciar os recursos cos que contaba a comarca.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** vía as cousas doutro xeito. Parecíalle unha boa idea sumarse a esta iniciativa, e traballar xunto a outros concellos para promocionar Lalín e os seus recursos turísticos. Votaría si.

De novo **D. José Antonio Rodríguez Fernández** afirmou que resultaba increíble que a oposición non vira a influencia que tiña a Ruta Xacobeana en Lalín e en toda a súa comarca. Todo pasaba por Santiago, e a relevancia internacional era Santiago, lembrando que todo elo deixaba xente en Lalín, mesmo os camiños e rutas do Camiño (Lalín contaba cun albergue). Lembrou que en todos os folletos e na difusión, por exemplo, aparecía O Corpiño.

De novo **D. Manuel María González Aller** reiterou que eles non se opuñan. Se fose positivo para Lalín apoiarían o mesmo que apoiaban outras iniciativas, presentando eles a moción ou ben adheríndose a que se presentase no seu caso. Tampouco estaban en contra. O certo era que non se deron argumentos suficientes para que se decantasen por un voto favorable ou en contra.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** non vía a na relación cantidade/prezo ou beneficio custo unha relación favorable neste tema para Lalín. Non vía positiva a iniciativa, e di coidaba que había que potenciar os recursos turísticos propios de Lalín e da comarca, que tiña os seu propios.

Rematou **D. José Antonio Rodríguez Fernández** agradecendo á Secretaría e á Intervención a súa participación e o seu traballo neste expediente.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: quince (15), sendo catorce (14) dos concelleiros do PP, e un (1) do PGD.*

*Votos en contra: ningún*

*Abstencións: seis (6), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dúas (2) dos concelleiros do BNG.*

Xa que logo, **APROBOUSE o expediente, segundo a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Novas Tecnoloxías, de data 23 de xuño de 2014, do seguinte tenor:**

No mes de abril do ano en curso, presentouse ante o Concello de Lalín un borrador de convenio administrativo que ten por obxecto: *“fixar as principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento da promoción turística conxunta a realizar de forma compartida entre os concellos da Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces”*.

O citado convenio ten a vontade de lograr unha xestión compartida da promoción turística dos concellos asinantes, sendo realizadas as actividades a través da sociedade pública municipal “Información e Comunicación Local, S.A” (Turismo de Santiago de Compostela), medio propio da devandita Administración e incluía todo o relacionado coa xestión, aspectos materiais, técnicos ou de servizo da promoción turística conxunta (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

O Concello de Lalín ten interese en adherirse a esta iniciativa co fin de lograr unha promoción turística conxunta que redunde nunha difusión publicitaria de maior alcance dos atractivos turísticos do Concello de Lalín. Deste xeito, o Concello pasará a formar parte da promoción turística da Área de Santiago e integrarase nunha páxina web conxunta e o logo do Concello inserirase nos carteis e folletos promocionais desta interesante área turística, así coma noutras actividades publicitarias da mesma.

En base ao anterior, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Adherirse ao **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO.**

**Segundo.-** Encomendarlle á Sociedade Pública municipal “Información e Comunicación Local, S.A.” (Turismo Santiago de Compostela), medio propio do Concello de Santiago de Compostela, a promoción turística do Concello de Lalín nos aspectos nos que conflúen os intereses dos concellos e institucións que forman parte da Área de Santiago.

**Terceiro.-** Autorizar ao Sr. Alcalde tan amplamente como sexa necesario para a sinatura do citado Convenio.

## **9.- ADHESIÓN Á SUBSECCIÓN DE MUNICIPIOS CON FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DA FEGAMP.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Novas Tecnoloxías, de data 6 de maio de 2014. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 26 de xuño de 2014.

Polo grupo de goberno, o edil de turismo, **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, explicou brevemente o contido do expediente e a proposta para ingresar nesta sección da FEGAMP.

Polo grupo socialista **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** sinalou que con esta nova

proposta se pretendía realizar outra nova adhesión a unha sección doutra asociación, e non sabían nada apenas do que elo significaría para Lalín. Absteríanse.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo opinar igual que no caso anterior. Non se sabía nada do que representaba esta incorporación, e por iso non a apoiaría. Absteríanse.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** afirmou que votaría no mesmo sentido e polas mesmas razóns que no punto anterior.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: catorce (14) dos concelleiros do PP.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dúas (2) dos concelleiros do BNG e unha (1) do concelleiro PGD.*

Xa que logo **APROBOUSE o expediente, segundo a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo e Novas Tecnoloxías, de data 6 de maio de 2014, do seguinte tenor:**

A Comisión Executiva da FEGAMP, na súa xuntanza de 19 de marzo de 2014 acordou crear unha Sección de Concellos con Intereses Turísticos.

Esta sección, con autonomía para a súa organización e desenvolvemento, subdividirase en tres grupos de traballo, que englobarán a Concellos declarados de interese turístico, concellos con festas de interese turístico e concellos con distintivos de calidade.

Esta Sección terá por obxecto a representación dos intereses colectivos dos Concellos integrados na mesma e desenvolverá accións tales como a organización de xornadas técnicas, xurídicas e administrativas, a xestión de actividades de formación e información dos problemas comúns así como a presentación de propostas á FEGAMP co fin de levar a cabo accións políticas, administrativas, xurídicas e xurisdiccionais no ámbito do Turismo.

Para adherirse á devandita Sección requírese que os Concellos lle manifesten de xeito oficial á FEGAMP a vontade de incorporarse á nomeada Sección de Concellos con Intereses Turísticos.

Tendo en conta a relevancia e repercusión que ten no Concello de Lalín a Feira do Cocido, declarada de interese turístico nacional, sería moi interesante que o Concello se adherise á **Subsección de Municipios con festas de interese turístico.**

Xa que logo, con base nos anteriores antecedentes, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Adherirse á Subsección de municipios con festas de interese turístico da Sección de Concellos con Intereses Turísticos da FEGAMP.

**Segundo.-** Notificarlle o presente acordo á FEGAMP.

## **10.- EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “MUNDO LALÍN”.-**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo e Vivenda, de data 26 de xuño de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 26 de xuño de 2014.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** explicou a moción, sinalando que se trataba de dar publicidade dos datos básicos daquelas persoas que voluntariamente quixeran dar os mesmos e favorecer así a comunicación entre os emigrantes fora de Lalín por razón de traballo, estudos ou outro motivo, co obxecto de que puideran intercomunicarse.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou o seu voto positivo.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** adiantou que non vían do todo esta moción. Si estaban a favor de incrementar a comunicación das persoas que naceron en Lalín e estaban fora de aquí. Non obstante non vían os beneficios para Lalín nin para os afectados. Por elo votarían tal e como indicaron na sesión da comisión informativa.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** si vía positiva a iniciativa e apoiaría.

Rematou **D. Román Rodríguez González** reafirmando que a entrega dos datos sería voluntaria e que serían os propios interesados os que subministrarían os datos, que serían os mínimos e básicos. O Concello volveu dicir, quería favorecer a comunicación dos que naceron en Lalín e que se atopen fora.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: dezanove (19), sendo catorce (14) dos concelleiros do PP, catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, e un (1) do concelleiro PGD.*

*Votos en contra: dous (2) dos concelleiros do BNG.*

*Abstencións: ningunha.*

Xa que logo **APROBOUSE o expediente segundo a proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo e Vivenda, de data 26 de xuño de 2014, do seguinte tenor:**

Lalín, coma o conxunto da Galicia interior e rural, conta cunha tradición de emigración moi importante dende hai décadas. Segundo o CERA cóntase con máis de 3.000 lalinenses residindo no estranxeiro. Proba delo é a existencia de centros que aglutinan á colectividade local lalinense en cidades coma Buenos Aires, Caracas, La Habana ou Escaldes.

Ademais, nos últimos anos xóvenes lalinenses optan pola busca de oportunidades laborais e de promoción persoal e profesional tanto fora de Galicia coma fora de España.

Por outra banda, a difusión xeralizada das novas tecnoloxías da comunicación facilita a conectividade entre os residentes no exterior e a poboación local, permitindo manter unha intercomunicación permanente entre eles.

En base ao anterior, considérase desexable que dende a administración municipal se



facilite o coñecemento e comunicación entre os lalinenses residentes en e fora de Galicia e España, ao fin de manter abertos os lazos de veciñanza e xerar un foro de intercambio on line.

## **OBXECTIVO**

“Mundo Lalín” plantéxase como unha plataforma dixital xeoreferenciada na que todos os lalinenses que o desexen poderán integrarse e inserir aquela información que consideren de utilidade.

O soporte da mesma será a páxina web do Concello, utilizando como soporte xeográfico Google Maps.

Trátase de crear unha comunidade “on line” dos lalinenses no exterior para o intercambio de comunicacións, información e experiencias.

## **FUNCIONALIDADE**

Entre as funcionalidades que se pretenden acadar coa plataforma Mundo-Lalín están:

- A obtención de estadísticas relativas á localización dos lalinenses no exterior.
- Crear unha plataforma de información económica, cultural e social dos lalinenses polo mundo.
- Xerar oportunidades e reforzar a identidade local.
- A busca de contactos e coñecemento dos lalinenses no exterior.

A través da plataforma os usuarios proporcionan a súa información persoal nunha ficha que contén o nome e apelidos, enderezo de correo electrónico, parroquia de orixe e localidade e país de residencia. Previa autorización deses datos estarán a disposición doutros usuarios da plataforma co fin de poder realizar intercomunicacións.

## **PROTECCIÓN DE DATOS**

No proceso de intercambio de datos que xestionará o Concello de Lalín a través da plataforma, os interesados proporcionan voluntariamente os seus datos persoais e deberán autorizar expresamente ao Concello a cesión dos mesmos a terceiras persoas.

Neste senso, a Constitución Española, no seu artigo 18, recoñece como un dereito fundamental o dereito á honra, á intimidade persoal e á propia imaxe e establece que “a lei limitará o uso da informática para garantir a honra e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”.

En cumprimento do mandato constitucional, a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ten por obxecto garantir e protexer, no que atinxe ó tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar. Esta lei resulta de aplicación a todos os datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, que os faga susceptibles de tratamento, e a toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado.

A Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, establece que se considerará dato persoal calquera información concerninte a persoas físicas identificadas ou identificables e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, precisa que xa se trate de informacións numéricas, alfabéticas, gráficas, fotográficas, acústicas, xa de calquera outro tipo.

A Lei orgánica 15/1999 regula no seu Título IV, Capítulo I, os ficheiros de titularidade pública, e dispón no seu artigo 20 que, a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

Nos artigos 52 a 54 do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da dita lei orgánica, establécese o tipo de disposición ou de acordo de creación, modificación ou supresión de ficheiros de titularidade pública, a súa forma, contido e requisitos de publicidade.

Por outra banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e a Lei 57/2003 do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, atribúenlle ao Pleno a competencia para a aprobación de ordenanzas e regulamentos.

En base ao anterior, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

***Primeiro.***- Aprobar inicialmente o **REGULAMENTO DE CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL “MUNDO LALÍN” DO CONCELLO DE LALÍN**, que consta de 11 artigos e un Anexo I no que se describen o contido e características de dito ficheiro.

***Segundo.***- Expoñer ao público o expediente, conforme ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, polo prazo de trinta días a efectos da presentación de reclamación ou suxerencias.

***Terceiro.***- No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

## **11.- MOCIÓN DO PGD.-**

### **11.1. MOCIÓN DO PGD EN RELACIÓN Á LEI DE DEPENDENCIA.-**

Deuse conta pola Presidencia da presente moción, de data 19 de xuño de 2014, con entrada municipal do mesmo día e número de rexistro 3580. De seguido o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 26 de xuño de 2014.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López**, expuxo o contido da moción. Indicou que compría efectuar medidas para protexer a persoas necesitadas, e incrementar as prestacións destes servizos. Hoxe, había menos atención que estes anos de atrás. Agora coa política de recortes do Goberno Central e a través dos orzamentos xerais e das leis, os gastos neste eido reducíronse en máis de catro mil seiscentos millóns de euros nos orzamentos xerais do Estado.

Coa moción buscábase mellorar a calidade de vida das persoas necesitadas, entre elas as que se atopaban en situación de dependencia, axudar ás que teñen que carecen de medios, e suprimir o copago de determinadas prestacións, e en xeral todo aquilo que supuxo unha redución en prestacións e en persoal.

Había medidas en vigor hoxe que perseguían unicamente un fin recadatorio.

A política actual era pois errada e esta situación era especialmente grave para algúns colectivos. Cumpría introducir unha dose de sensatez na política do goberno para volver á situación anterior e atenderen a estes colectivos destas persoas necesitadas. De seguido leu a parte dispositiva da moción.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** adiantou que apoiarían a moción. Agora coa política de recortes e coa política xeral de ataque ao estado de benestar había múltiples reducións nos distintos eidos como a sanidade, a educación, as pensións e a dependencia que afectaban a colectivos sociais desfavorecidos. Coidaba que algún punto non se deba votar, xa que Galicia estaba moi atrasada nalgúns aspectos. Sobre o punto 3 da moción, afirmou que era importante.

Había persoas con solicitude sen recoñecer e outras con recoñecemento, pero sen chegarlles aínda os cartos. En suma estaban de acordo coa moción.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba a favor. Eran irrenunciabes as conquistas do estado de benestar conseguidas despois de tantos anos, e a política actual atacaba e suprimía moitas delas.

Polo PP **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey** lembrou, en primeiro lugar, que a lei da dependencia foi aprobada por unanimidade de todos os grupos nas Cortes Xerais, en Madrid. Todos querían levala adiante e aplicala.

Doutra banda entendía que na moción se utilizaban algúns conceptos erroneamente, tales como a autonomía e dependencia. Leu para elo a definición destes conceptos.

Tamén salientou que as necesidades estaban sendo atendidas, segundo o grao de discapacidade e o grao de dependencia en cada caso concreto, conceptos que eran distintos.

De seguido explicou os conceptos de autonomía e dependencias, os criterios utilizados, o graos de dependencia, o tipo de axuda que se necesita, a valoración, as prestacións que se concedían, etc.

Sinalou que no ano 2013 o Concello de Lalín atendeu a 80 usuarios do Servizo de Axuda no Fogar para persoas en situación de dependencia, sendo o gasto efectuado de 347.733,83 €.

Salientou que no ano 2014 o número de usuarios era de 65. Non había ningunha persoa en espera e o orzamento para este servizo era de 397.090,80 €.

Lembrou que este ano a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Social incrementou en 70 horas anuais a maiores sobre as que había o ano pasado, e que daban un total de 3092 horas/mes.

Os postos de traballo directos que prestaban estes servizos sociais eran corenta, ofrecendo ás persoas dependentes coidados axeitados e profesionais, e evitando con elo a economía sumerxida.

Afirmou que a Xunta de Galicia traballou e ía traballar do mesmo xeito que o viña a facer, desenvolvendo un sistema para a autonomía e a atención á dependencia para a atención.

Había que dicir tamén que Galicia era a segunda Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de servizos. A ratio de atención hoxe era superior ao 68%, mentres que no ano 2009 era lixeiramente superior ao 30%.

Galicia seguía a ser a segunda Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de servizos recoñecidos sobre o total das prestacións na liña marcada para as dependencias.

Na segunda rolda, **D. Camilo Conde López** sinalou que cando se trataba de atenderen

as necesidades de colectivos desfavorecidos, a política de recortes non era a adecuada. Rematou pedindo unha maior sensibilidade por parte de todos para estes colectivos, resaltando que na tramitación destes expedientes, tanto no recoñecemento coma no abono das prestacións correspondentes non debía haber atrancos. Solidarizouse cos afectados por estas medidas e expedientes.

Desde as filas socialistas **D. Manuel María González Aller** afirmou que era sabido por todos o coñecemento e o dominio da materia que tiña a edil delegada e que explicou no seu turno. Pero na moción pedíase que a Xunta de Galicia non recorte neste eido, nas prestacións nin nos recoñecementos e que os tramite o mellor e o máis rápido posible. Era unha cuestión de cartos o que estaba en debate. Galicia estaba por baixo da media tanto nun caso coma noutro. O que se pedía en definitiva era aumentar e non diminuír as políticas que atendían a estes sectores desfavorecidos.

O voceiro nacionalista **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo non ter nada máis que dicir.

De novo **D<sup>a</sup>. María Paz Pérez Asorey** afirmou que os datos que ela deu non eran inventados. Estaban contrastados con estadísticas e con datos oficiais. En servizos como a Axuda no Fogar os expedientes resolvíanse nunha semana. O certo era que non había unha soa persoa en listas de espera en Lalín.

Finalizou falando **D. Camilo Conde López**. Indicou que, se todo era realmente como dicía a concelleira, o grupo de goberno debía aprobar a moción en debate. E, se non era así, todo o que se falou xustificaba de sobra a presentación da mesma. En realidade algo debía fallar cando había protestas e reclamacións dos afectados por estes expedientes en todas partes.

*Na moción pedíase adopción dos seguintes acordos:*

*1. Manifestar o rexeitamento aos recortes de dependencia adoptados polo goberno estatal e galego; así como instar ao goberno central a que non aplique recortes na Lei de Dependencia e continúe avanzando na súa implantación.*

*2. Un sistema de financiamento que garanta o cumprimento da lei e a súa sustentabilidade futura.*

*3. Instar ao goberno municipal a reforzar as políticas sociais, con especial interese ás persoas dependentes e aos familiares.*

*4. Dar traslado destes acordos a Xunta de Galicia e a Administración central do Estado.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, dous (2) dos concelleiros do BNG e un (1) do concelleiro PGD.*

*Votos en contra: catorce (14) dos concelleiros do PP.*

*Abstencións: ningunha.*

**Xa que logo REXEIROUSE a moción.**

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **11.1.- ROGOS.-**

## **Presentados de xeito escrito durante a sesión.**

### **PGD.**

#### **D. Camilo Conde López.**

En relación ás festas patronais de Lalín, a oportuna comisión debería ter en conta os seguintes aspectos fundamentais:

1. As festas veñen sendo sistematicamente repetitivas, sen criterios de orixinalidade algunha, polo que se deberían respectar os valores patrimoniais de Lalín e do seu ámbito, ensalzándoos e xerando un estímulo por estes.

2. Utilizar os recursos económicos axeitadamente, con imaxinación, na procura dun programa atractivo proporcionando a orixinalidade que as diferencie de outras.

Deben ser unhas festas integradoras, pensadas para todos os gustos e xeracións, unhas festas con fondas raíces na nosa cultura e tradicións, incorporar ao programa o imaxinario popular da parroquia, todo aquilo que poida ser patrimonio común para para que as novas xeracións aprendan a valoralo e se involucren na súa preservación. Evitar unha fenda entre os vellos e os novos, o que por desgracia abunda e non saben harmonizar a modernidade e tradición. Recuperar xogos que se facían antes, que agora a xuventude descoñece, e que habería que incentivalos e promovelos.

Temos que evitar que as empresas de espectáculos ofrezan programas anodinos que ademais supoñen elevados custos económicos e que as comisións de festas dan por bos.

Para evitar esas programacións estereotipadas e carentes de interese, deberíanse organizar actividades que sirvan de referentes para as comisións de festas, e procurar a axuda de expertos, como poden ser historiadores, escritores, etnógrafos, etc...

3. Utilizar o noso idioma que debería estar presente nos programas, cartelería, repertorio das orquestras, actos litúrxicos, etc...

Ademais debemos esforzarnos con exquisita delicadeza na utilización dos nosos símbolos tal como embelece a lei, que o recoñece e protexe. Procurar evitar agravios comparativos con outras insignias de maior rango e numericamente superiores. Deberíamos manter un símbolo común para todas as festas, que propiciaran unha identidade e personalidade das mesmas.

Deberíamos primar aqueles conxuntos de música tradicional e moderna, pero que supón defender a nosa lingua e a nosa cultura onde o noso cancionero popular volva ós beizos da xente nova, xa que non debemos esquecer que as comisións de festas teñen nas súas mans un inmenso poder para que a nosa identidade popular non se perda.

Fagamos unhas festas diferentes, variadas, divertidas e con sabor propio á nosa terra.

Por todo elo **ROGO** se transmitan estas ideas á comisión das vindeiras festas e se promovan actos e actividades que propicien un maior dominio de contactos en por dunha consecución de ideas e capacidade en torno á súa preparación e desenrolo.

***O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.***

## **Presentados de xeito verbal durante a sesión.**

### **PSdeG-PSOE.**

#### **D<sup>a</sup>. Josefa Marina Ferreiro Rodríguez.**

**ROGO.-** Indicou que na parroquia de Botos faltaban contedores de lixo, e especialmente no de vidro.

Pediu que estes se colocasen nas pistas e non xunto á Igrexa de Botos, e así as persoas que collen os vehículos e veñen a Lalín poden levar o lixo, e reciclar previamente. De non ser así, se había que levar o lixo ata onde estaban actualmente os contedores, nin se reciclaba nin se depositaba o lixo.

*O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.*

**D. Manuel María González Aller.**

**ROGO.-** En relación coas festas patronais deste ano 2014, tendo en conta como se fixeron antes, pediu que non se poña en mans dos promotores a recadación das atraccións e da súa ubicación, xa que non figuran os ingresos nin os gastos nos orzamentos do Concello. Coidaba que debían figurar e constar os ingresos que se obteñan do Concello e logo pagar as facturas.

*Contestou o edil delegado de facenda, D. Manuel Gómez Estévez indicando que se estaba a estudar o tema. De todos os xeitos afirmou que para facer o que pedía o concelleiro da oposición habería que tramitar e aprobar unha Ordenanza reguladora da ocupación dos espazos e vías públicas.*

**11.2.- PREGUNTAS.-**

**Presentadas de xeito verbal durante a sesión.**

Non houbo.

E, sendo as doce horas e trinta e nove minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace  
O Alcalde-Presidente